

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES

Base 2000

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O Plan Galego de Estatística 2002-2006 inclúe a operación estatística 3.10.6 Indicador de Renda Municipal co obxectivo de analizar a distribución da renda dos fogares residentes en Galicia.

A variable que mellor reflicte o nivel de renda das familias residentes nun determinado territorio económico é a **Renda Dispoñible Bruta** (RDB) do sector fogares. Esta macromagnitude mide os ingresos de que dispoñen os fogares ao longo dun ano para destinar a consumo ou aforro e reflicte a capacidade adquisitiva dos fogares como resultado dos procesos de produción, asignación e distribución da renda.

A Renda Dispoñible Bruta defínese no Sistema Europeo de Contas (SEC) 1995 como o saldo da conta de distribución secundaria da renda. Polo tanto, o punto de partida para a análise da renda dos fogares galegos será a obtención das contas de renda deste sector, integradas no sistema de contas económicas de Galicia.

Na actualidade, o sistema de contas económicas de Galicia está formado por un marco central baseado no SEC 1995, composto polo Marco Input-Output e a contabilidade anual e trimestral.

Como extensión do sistema integrado de contas económicas, e sempre de maneira coherente e integrada co marco central, o Instituto Galego de Estatística (IGE) obtén o **Indicador Municipal da Renda dos Fogares** (IMRF) a partir da Renda Dispoñible Bruta por habitante.

Ó tratarse dun indicador baseado nas normas internacionais do SEC 1995, permite realizar comparacións con España, a Unión Europea e calquera estimación baseada no Sistema de Contas Nacionais (SCN) 1993 das Nacións Unidas.

A primeira estimación do Indicador de Renda Municipal foi publicada polo IGE no ano 2002, sendo o ano de referencia dos datos 1996¹. Nesta publicación preséntase unha nova serie de renda municipal, con datos procedentes das Contas Económicas de Galicia en base

¹ Pódese consultar a metodoloxía desta operación estatística en base 1995 no seguinte enlace:
http://www.ige.xunta.es/ga/estructura/documentos/metodoloxias/met_contas_ind_renda_1996.pdf

2000, estimacións para os anos 2000 a 2002, e inclúese esta operación nos programas estatísticos cunha periodicidade anual. O obxectivo é dispoñer dunha serie de renda que permita analizar a evolución desta magnitude no tempo.

É importante salientar que os resultados da conta de renda en base 2000 incorporan o cambio metodolóxico orixinado pola aplicación do Regulamento (CE) nº 448/98 do Consello e do Regulamento (CE) nº 1889/2002 de asignación dos servizos de intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI) aos sectores usuarios e polo tanto non son comparables cos resultados estimados na base 1995.

No primeiro trimestre de 2006 o IGE publicará os datos das Contas Económicas de Galicia (CEG) coa adaptación metodolóxica esixida polos mencionados regulamentos. A estimación do Indicador Municipal da Renda dos Fogares presentado inclúe xa a asignación do SIFMI aos sectores e ramas usuarios.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional e xeográfico

O conxunto dos fogares residentes no territorio económico galego.

Ámbito temporal

Preséntanse os resultados para o período 2000 a 2002, sendo o último ano unha estimación provisional.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

3.1. Definicións

O indicador municipal da renda dos fogares galegos obtense a partir da conta de renda do sector fogares, integrada no sistema de contas económicas de Galicia, que se elabora seguindo os principios metodolóxicos do SEC 1995, Regulamento do Consello da Unión Europea que establece a obrigatoriedade dos Estados membros de segui-los seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, as súas compoñentes e as súas relacións con outras economías.

Para un estudio detallado dos mesmos é recomendable consulta-lo manual SEC 1995, nembargantes, a continuación defínense os principais conceptos incluídos na presente publicación coa indicación do parágrafo correspondente do citado manual. É importante ter en conta que as seguintes definicións deben interpretarse no contexto da conta simplificada de renda presentada nesta publicación:

Fogares: o sector fogares comprende os individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores como, eventualmente, na de empresarios, sempre que, neste último caso, as actividades correspondentes non sexan realizadas por entidades diferenciadas tratadas coma cuasisociedades. Na súa condición de consumidores, os fogares poden definirse como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común unha parte ou a totalidade das súas rendas e seu patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente o aloxamento e a alimentación. SEC (2.75)

Remuneración dos asalariados: comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. SEC (4.02)

A remuneración dos asalariados residentes por empregadores residentes ou non residentes é un recurso na conta de renda do sector fogares.

Excedente de explotación / renda mixta: o excedente de explotación bruto do sector fogares é o xerado pola produción por conta propia de servizos de alugamento das vivendas ocupadas polos seus propietarios e a renda mixta bruta corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario de empresas non constituídas en sociedade, ou os membros da súa familia, e que non poden distinguirse dos seus beneficios como empresario. SEC (8.19 e 8.20)

Esta partida obtense como saldo da conta de explotación e pasa á conta de renda do sector fogares como recurso.

Prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie: comprenden tódalas transferencias correntes proporcionadas aos fogares con intervención dun terceiro (é dicir, dunha unidade que non sexa un fogar) que son obxecto dunha asignación persoal e que teñen como fin cubrir as cargas que para os fogares se derivan da aparición ou existencia de certos riscos ou necesidades e sen que haxa unha contrapartida equivalente e simultánea do beneficiario. (SEC 4.103 e seguintes)

Esta partida é un recurso da conta de renda do sector fogares.

Outros recursos netos: na conta simplificada de renda dos fogares presentada nesta publicación, defínese esta partida como agregación das rendas da propiedade e as outras transferencias correntes en termos netos, é dicir, como saldo entre recursos e empregos e inclúese como un recurso dos fogares.

As **rendas da propiedade** son as rendas que recibe o propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido a cambio de proporcionar fondos ou de poñer o activo material non producido a disposición doutra unidade institucional.(SEC 4.41)

Dentro desta partida inclúense as rendas da terra, os intereses cobrados e pagados e os dividendos.

As **outras transferencias correntes** inclúen un conxunto moi heteroxéneo de empregos e recursos dos fogares como as primas e indemnizacións de seguros no vida, as transferencias correntes entre os fogares, multas e sancións, loterías e xogos de azar ou bolsas. (SEC 4.109 e seguintes)

Impostos correntes sobre a renda e o patrimonio: comprenden todos os pagos obrigatorios sen contrapartida, en efectivo ou en especie, recadados periodicamente polas administracións públicas e polo resto do mundo sobre a renda e o patrimonio. (SEC 4.77)

Esta partida é un emprego do sector fogares e recolle os seguintes impostos:

- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
- Imposto sobre o Patrimonio
- Imposto sobre Bens Inmóveis
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
- Taxas de caza e pesca
- Contribucións especiais

Cotizacións sociais: Inclúense as cotizacións sociais efectivas e imputadas. As cotizacións sociais efectivas comprenden todos os pagamentos que as persoas aseguradas ou os seus empregadores fan, directamente ou a través dun organismo recador, a institucións que conceden prestacións sociais, a fin de adquirir ou mante-lo dereito a estas prestacións. Inclúense as cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores, dos asalariados, dos traballadores autónomos e desempregados. (SEC 4.92) As cotizacións sociais imputadas representan a contrapartida das prestacións sociais directas dos empregadores. (SEC 4.98)

As cotizacións sociais son un emprego do sector fogares.

Servizos de intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI): son os ingresos que obteñen os intermediarios financeiros mediante o cobro e pago de tipos de interese distintos aos prestatarios e aos prestamistas. Os ingresos netos utilízanse para cubrir os custes e obter un excedente (Anexo I do Regulamento nº 448/98 de modificación do parágrafo 3.63 do SEC 1995).

3.2. Aspectos metodolóxicos

No SEC 1995 inclúese por vez primeira un capítulo dedicado ás contas rexionais, recomendando a estimación a nivel rexional das actividades de produción por ramas de actividade e as contas do sector fogares.

No ámbito rexional, as contas dos fogares son fundamentais para realizar comparacións das principais transaccións realizadas polos fogares e para analizar cómo se xera a renda.

Na sucesión de contas dos fogares ten especial relevancia a conta de distribución secundaria da renda, que ten como saldo a Renda Dispoñible Bruta (RDB). Este agregado é a variable que mellor reflicte o nivel económico das familias.

Trátase dunha renda bruta porque non se deduce o consumo de capital fixo, é dicir, as amortizacións, e fálase de renda dispoñible porque para o seu cálculo tense en conta os impostos e as cotizacións sociais que pagan as familias, así como as prestacións sociais e outros recursos que perciben as familias.

Tal como se indica no SEC 1995, as contas rexionais dos fogares están baseadas nos fogares residentes nun territorio rexional (SEC 13.32).

De forma xeral, a rexionalización pode realizarse utilizando os seguintes métodos:

- 1. Métodos ascendentes:** Supón utilizar a información dos fogares residentes na rexión e ir agregando a mesma ata establecer o valor rexional do agregado. Ten a vantaxe de utilizar directamente as fontes pertinentes a escala rexional.
- 2. Métodos descendentes:** Supón distribuír a cifra nacional entre as rexións sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando unha clave de distribución que reflicta o máis exactamente posible a característica que debe estimarse. O agregado asígnase a unha rexión e non a unha unidade individual. Nembargantes, é necesario aplicar a noción de unidade residente para ter unha cobertura rexional correcta da clave de distribución que ha de utilizarse.
- 3. Métodos mixtos:** O método ascendente non se presenta polo xeral en estado puro, sempre existen lagoas de información nos datos que deben completarse utilizando un enfoque descendente.

EUROSTAT recomenda utilizar métodos directos antes que métodos que impliquen estimacións e métodos ascendentes mellor que métodos descendentes.

En principio, a vantaxe do método ascendente é que mide directamente a variable desexada e asigna dita variable de forma correcta ás rexións e ramas de actividade. Os métodos ascendentes utilizan as fontes pertinentes a escala rexional aínda que pode presentar diverxencias cos totais nacionais. Os métodos descendentes teñen a vantaxe de garantir a coherencia dos datos numéricos entre as contas nacionais e as rexionais. A súa maior desvantaxe reside en que as estimacións non se obteñen a partir de datos directos, senón utilizando unha clave de distribución correlacionada co fenómeno que debe medirse.

Seguindo estas recomendacións de EUROSTAT, o IGE estima as contas para o conxunto de Galicia aplicando un método ascendente (tanto nas Contas Económicas de Galicia coma na estimación da Conta de Renda do sector fogares) para posteriormente obter a conta de renda dos fogares residentes en cada concello aplicando un método descendente.

O punto de partida para chegar á RDB son as **contas de asignación da renda primaria e de distribución secundaria da renda do sector fogares**. A primeira conta rexistra a percepción de renda primaria das unidades residentes en virtude da súa participación no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido por poñelos a disposición doutra unidade institucional. A conta de distribución secundaria da renda indica a redistribución da renda primaria dun sector institucional a través de transferencias distintas das transferencias en especie e permite calcular a renda dispoñible que reflicte as operacións correntes e exclúe explicitamente as transferencias de capital.

Na presente publicación preséntase unha **conta simplificada de renda** como agregación das contas de asignación da renda primaria e distribución secundaria da renda que presenta a seguinte estrutura:

EMPREGOS	RECURSOS
Cotizacións sociais	Excedente de explotación bruto
Impostos renda e patrimonio	/ renda mixta
Renda Dispoñible Bruta	Remuneración dos asalariados
	Prestacións sociais
	Outros recursos netos

O procedemento seguido consta de dúas partes diferenciadas:

1. Estimación dunha conta simplificada de renda do sector fogares para o conxunto de Galicia
2. Desagregación de cada unha das partidas da conta simplificada de renda para los 315 concellos galegos aplicando un método descendente

As dúas fases son independentes de xeito que na primeira utilizarase toda a información dispoñible para cada partida, mentres que na segunda fase a información utilizada será a significativa a nivel municipal.

Os resultados da base 2000 non son directamente comparables coas estimacións das bases anteriores

O cambio metodolóxico orixinado pola aplicación do Regulamento nº 448/98 de asignación do SIFMI, supón que o gasto neste servizo debe asignarse aos sectores usuarios e polo tanto a utilización dos SIFMI xa non se rexistra por convenio integramente como consumo intermedio, senón que pode constituír tamén consumo final e exportacións.

En consecuencia, o gasto total do sector fogares en SIFMI pode destinarse a consumo intermedio ou gasto en consumo final (GCF) segundo a cal das dúas funcións deste sector se asigne o servizo: produción ou consumo.

No que respecta á conta de renda do sector fogares, este cambio metodolóxico afecta á estimación de dúas partidas: o excedente de explotación / renda mixta e o saldo de intereses cobrados e pagados que se inclúe na partida de outros recursos netos.

Coa asignación do SIFMI ás ramas e sectores usuarios, o pago do servizo de intermediación financeira implícito nos préstamos dedicados a vivenda e nos préstamos e depósitos que posúe o sector fogares na súa función de produtor, debe incluírse na valoración dos consumos intermedios. Así, na estimación do excedente de explotación e a renda mixta como saldo da conta de explotación do sector fogares, debe restarse a estimación do SIFMI dos fogares destinado a consumo intermedio.

Por outra parte, antes da aplicación deste regulamento, os intereses cobrados e pagados polo sector fogares valorábanse polos intereses efectivos, mentres que a nova metodoloxía obriga a valoralos aplicando un tipo de interese de referencia ao stock de depósitos e préstamos, sendo a diferenza ata os intereses efectivos o pago do servizo de SIFMI. O tipo de interese de referencia utilizado é o tipo interbancario para as operacións con intermediarios financeiros residentes en España e un tipo externo para as operacións con intermediarios financeiros estranxeiros.

Así, con esta nova metodoloxía, a estimación do saldo dos intereses como recurso dos fogares, vese aumentada no gasto total en SIFMI por parte do sector fogares.

$$D^*i_d - P^*i_p = D^*i_r - P^*i_r - D^*(i_r - i_d) - P^*(i_p - i_r)$$
$$(D - P)^*i_r = \text{SALDO DE INTERESES EFECTIVOS} + \text{SIFMI}$$

sendo,

$$\text{SALDO DE INTERESES EFECTIVOS} = D^*i_d - P^*i_p$$

$$\text{SIFMI} = D^*(i_r - i_d) + P^*(i_p - i_r)$$

D = stock de depósitos

P = stock de préstamos

i_d = tipo de interese dos depósitos

i_p = tipo de interese dos préstamos

i_r = tipo de interese de referencia

Como suma destes dous efectos a RDB verase aumentada na valoración do SIFMI que os fogares destinan a gasto en consumo final de xeito que o aforro do sector fogares non se ve afectado por este cambio metodolóxico, tal como se pode ver na conta de utilización da renda.

CONTA DE RENDA	
EMPREGOS	RECURSOS
Cotizacións sociais	<u>Excedente de explotación bruto</u>
Impostos renda e patrimonio	<u>/ renda mixta</u>
<u>Renda Disponible Bruta</u>	Remuneración dos asalariados
	Prestacións sociais
	<u>Outros recursos netos</u>

+ SIFMI destinado a GCF

- SIFMI destinado a consumo intermedio

+ SIFMI total

CONTA DE UTILIZACIÓN DA RENDA	
EMPREGOS	RECURSOS
<u>Gasto en Consumo Final</u>	<u>Renda Disponible Bruta</u>
Aforro Bruto	

+ SIFMI destinado a GCF

+ SIFMI destinado a GCF

Na fase de desagregación municipal de cada unha das partidas da conta de renda do sector fogares, aplicando un método descendente, utilízase unha gran cantidade de información dispoñible a escala municipal que se detalla no apartado catro.

A información económica a escala municipal habitualmente non está integrada e non proporciona unha imaxe clara da economía dun determinado territorio. Por isto, é importante que se poida sintetizar a información para obter determinados agregados adaptados ás definicións internacionais. Isto presenta tres vantaxes inmediatas:

1. O Indicador Municipal da Renda dos Fogares baséase nunha variable definida no SEC 1995 e comparable a nivel internacional: a Renda Dispoñible Bruta por habitante.
2. Para cada concello dispónse non só do seu nivel de renda, senón dunha conta simplificada de renda, na que os recursos e empregos da mesma dan como saldo a RDB. Isto permite analizar a procedencia da renda: remuneración do emprego por conta allea, por conta propia, prestacións sociais ou outras fontes de renda.
3. As estimacións de cada partida da conta de renda de Galicia son independentes e tamén o reparto municipal das mesmas.

4. Fontes de información

Na estimación da conta simplificada de renda de Galicia, utilízase a práctica totalidade da información estatística dispoñible:

- Enquisas sectoriais dirixidas a empresas, elaboradas polo IGE, INE, ministerios e consellerías.
- Enquisas dirixidas aos fogares: Enquisa de Condicións de Vida das Familias do IGE, *Encuesta de Población Activa* e *Encuesta de Presupuestos Familiares* do INE.
- Información procedente do directorio de empresas do IGE .
- Censos de poboación e vivendas do INE de España e Portugal.
- Información procedente de rexistros administrativos da *Seguridad Social*, *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*, mutualidades de funcionarios (MUFACE, MUGEJU e ISFAS).
- Datos de recadacións facilitados polo *Instituto de Estudios Fiscales*, e da *Dirección General de Financiación Territorial* del *Ministerio de Economía y Hacienda*.
- Información estatística do *Banco de España*.

Para a desagregación municipal intégrase gran cantidade de información, procedente principalmente de estatísticas de orixe administrativa.

- A principal fonte de información para a desagregación municipal é a estatística *Mercado de Trabajo y Pensiones en las Fuentes Tributarias* da *Agencia Estatal de la Administración Tributaria* (AEAT). Esta estatística de

base administrativa obtense a partir da Declaración Anual de Retencións sobre os Rendementos do Traballo (DART), que están obrigados a presentar á Facenda Pública tódalas empresas e entidades, privadas e públicas e os organismos da Administración do Estado (modelo 190), que realizan pagos en concepto de salarios, pensións, premios, comisións e retribucións de servizos prestados por profesionais e artistas.

Dispónse dunha explotación municipal do Modelo 190 con información do número de percepcións e as retribucións totais para tres tipos de percepcións: salarios, prestacións por desemprego e pensións.

A principal vantaxe desta fonte de información é a súa cobertura: só as persoas físicas, en calidade de consumidores, que pagan salarios a empregados do fogar están excluídos da obriga de reter e declarar. Ademais, ó tratarse da xestión do IRPF, o concepto de residencia é o que declaran os traballadores, non a residencia da empresa.

- Explotacións municipais do modelo 193: retencións e ingresos a conta do IRPF sobre determinados rendementos do capital mobiliario da AEAT.
- Explotacións municipais do modelo 196: rendementos declarados polas entidades financeiras de retencións e ingresos a conta do IRPF, en relación coas vendas ou rendementos de capital mobiliario obtidos pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras da AEAT.
- Declaracións do IRPF, por concellos, dispoñéndose das seguintes variables: número de declarantes, cota líquida media, dedución media, rendimento medio, porcentaxe do total de rendementos que proceden do traballo por conta allea, rendementos empresariais, profesionais, mobiliarios e outros rendementos.
- Rexistros da Seguridade Social do Réxime Especial de Traballadores Autónomos, e Réxime Especial Agrario e do Mar por conta propia.
- Información municipal do Censo de Poboación e Vivendas de 2001, e Censo Agrario de 1999 do INE.
- Para o cálculo da poboación residente nos concellos galegos a 1 de xullo de cada ano, utilízase información do Padrón Municipal de Habitantes, Movemento Natural da Poboación e Estatística de Variacións Residenciais do IGE e INE.

5. Presentación de resultados

Na publicación de resultados do Indicador Municipal da Renda dos Fogares preséntase en primeiro lugar a conta simplificada de renda de Galicia para os anos 2000 a 2002, sendo este último ano provisional. Esta conta permite analizar o proceso de xeración de renda dos fogares galegos e a súa evolución. Preséntase, ademais, para cada un dos concellos galegos.

Ademais da conta de renda en termos absolutos, preséntase a mesma conta en termos por habitante, o que permite comparar os niveis de renda media dos distintos territorios: Galicia, provincias e concellos.

A estimación de cada partida realízase para o conxunto de Galicia e as estimacións municipais obtéñense mediante un método descendente. Os resultados provinciais presentados son a agregación dos datos municipais.

Como medida da posición relativa dos concellos con respecto á renda media dos fogares galegos, preséntase un indicador da renda por habitante, que toma o valor 100 para Galicia.

Tamén se presenta un indicador do número de orden que ocupa cada concello no conxunto de Galicia, sendo 1 o valor do concello con maior renda por habitante e 315 o do concello con menor renda media.

A información publicada a nivel municipal permitirá analizar a distinta estrutura dos concellos no que fai referencia ás súas fontes de renda (man de obra asalariada, renda empresarial, prestacións sociais e outros recursos) e as relacións entre estas variables, tendo sempre en conta o contexto no que se enmarcan estes resultados.

A publicación da información a nivel municipal en termos absolutos permite, así mesmo, obter as mesmas variables para niveis territoriais superiores, como poden ser as comarcas ou calquera división do territorio definida a partir dunha agregación de concellos.

INDICADORES DE RENDA MUNICIPAL. ANO 1996

A obtención do indicador de renda municipal parte da obtención da variable **Renda Familiar Bruta Disponible (RFBD)**. Esta variable obtense como saldo da conta de distribución secundaria da renda para o sector fogares, que comprende os individuos e grupos de individuos, tanto na súa función de consumidores como na súa eventual función de empresarios, sempre que, neste último caso, as actividades correspondentes non sexan de entidades diferenciadas tratadas coma cuasisociedades (inclúe polo tanto ás empresas familiares para as que non se pode establecer unha fronteira nítida entre a economía familiar e a do negocio). As contas deste sector preséntanse integradas coas do sector das institucións privadas sen fins de lucro.

Estímanse polo tanto as principais partidas das contas de asignación da renda primaria e de distribución secundaria da renda do sector fogares (SEC-95). A primeira conta rexistra a percepción de renda primaria das unidades residentes en virtude da súa participación no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido por poñelos a disposición doutra unidade institucional. A conta de distribución secundaria da renda indica a redistribución da renda primaria dun sector institucional a través de transferencias distintas das transferencias en especie e permite calcular a renda dispoñible que reflicte as operacións correntes e exclúe explicitamente as transferencias de capital.

Para obter a RFBD dos concellos de Galicia pártese das principais partidas das contas anteriores estimadas para o conxunto da comunidade autónoma e trátase de obter esta mesma conta cun nivel de desagregación municipal.

RFBD =	Remuneración dos asalariados
	+ Excedente Bruto de Explotación/Renda mixta
	+ Prestacións sociais
	- Impostos
	- Cotizacións sociais
	± Outros

Dentro da partida *Outros* inclúense empregos como intereses efectivos, primas de seguros de accidentes, transferencias privadas internacionais e transferencias correntes diversas e recursos como as rendas da terra e activos inmateriais, intereses efectivos, dividendos e outras rendas, indemnizacións de seguros de accidentes, transferencias privadas internacionais e transferencias correntes diversas.

Unha vez obtida a RFBD para cada concello cómpre expresa-las variables en termos por habitante, para o que se calcula a poboación de cada concello a 1/7/1996 a partir dos datos do Padrón Municipal de Habitantes de 1996 (poboación a 1 de maio) ó que se suman os saldos vexetativo e migratorio dos meses de maio e xuño.

A variable de interese é polo tanto a RFBD por habitante, expresada en euros e para facilitar comparacións dentro da comunidade autónoma de Galicia obtense un indicador con valor 100 para o conxunto de Galicia.

MÉTODOS DE REXIONALIZACIÓN

Para a elaboración das contas rexionais o Sistema Europeo de Contas SEC-95, sinala distintos métodos de rexionalización:

a) **Métodos ascendentes:**

Consisten en utilizar información das unidades residentes na rexión e ir agregando a mesma ata establece-lo valor rexional do agregado. Os valores rexionais teñen que sumarse para obte-lo valor nacional correspondente.

b) **Métodos descendentes:**

Supoñen distribuír unha cifra nacional entre as rexións sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando unha clave de distribución que reflecta o máis exactamente posible a característica que debe estimarse. O agregado asígnase a unha rexión e non a unha unidade individual. Nembargantes, cómpre a noción de unidade residente para ter unha cobertura rexional correcta da clave de distribución a utilizar.

c) Métodos mixtos:

O método ascendente non se presenta, polo xeral, en estado puro, polo que pode considerarse tamén a posibilidade de utilizar métodos mixtos. Por exemplo pode ocorrer que, mediante un método ascendente, unha variable ou un agregado de variables poda rexionalizarse unicamente ó nivel NUTS-1 e que para efectuar unha rexionalización maior, ó nivel NUTS-2 ou NUTS-3, haxa que recorrer a métodos descendentes.

En principio, a vantaxe do método ascendente é que utiliza directamente as fontes pertinentes a escala rexional aínda que pode presentar unha diverxencia cos totais nacionais. Os métodos descendentes teñen a vantaxe de garanti-la coherencia dos datos numéricos entre as contas nacionais e as rexionais e a súa maior desvantaxe reside en que as estimacións non se obteñen a partir de datos directos, senón utilizando unha clave de distribución supostamente correlacionada co fenómeno que debe medirse.

Seguindo estas recomendacións de EUROSTAT, o IGE trata de estima-las principais partidas das contas de distribución primaria e secundaria da renda do sector fogares en cada un dos concellos galegos, mediante un método mixto.

Para estima-las partidas das que se dispoña de información municipal como a remuneración dos asalariados, as prestacións sociais ou algúns impostos, aplícase o método ascendente, facendo os axustes necesarios en cada caso para que a suma dos valores dos concellos coincida co total da comunidade autónoma.

Noutros casos non se disporá de información individual e deberá seguirse o método descendente, facendo un reparto entre os concellos en función dalgunha variable moi correlacionada coa variable obxectivo. Nestes casos é da máxima importancia busca-la mellor variable posible, entre as dispoñibles a nivel de concello, para non obter resultados finais pouco coherentes.

FONTES DE INFORMACIÓN

O ano de referencia utilizado é 1996 ó ser un ano do que dispoñemos da información máis importante no que fai ás rendas das familias cunha desagregación territorial a nivel de concello. Cando a información dispoñible para as estimacións municipais dalgunha partida corresponde a outro ano, faise o suposto de que se mantén en 1996 a mesma distribución por concellos, o que non presenta problemas ó axustarse sempre as partidas á cifra total da comunidade autónoma, sendo ademais independentes as estimacións das distintas partidas.

A fonte de información máis utilizada neste traballo é a *Estadística de Empleo, Salarios y Pensiones* (EESP) da *Agencia Estatal de la Administración Tributaria* (AEAT) e o *Instituto de Estudios Fiscales* (IEF) que se obtén a partir da *Declaración Anual de Retencions sobre os Rendementos do Traballo* (DART), que están obrigadas a presentar á Facenda Pública tódalas empresas e entidades, privadas e públicas e os organismos da Administración do Estado (modelo 190), que realizan pagos en concepto de salarios, pensións, premios, comisións e retribucións de servicios prestados por profesionais e artistas.

Na EESP facilítase información do número de percepcións e as retribucións totais para catro tipos de percepcións: salarios, prestacións por desemprego, pensións e pagos de servicios profesionais.

Tal como se indica nas publicacións da EESP as empresas e entidades obrigadas a presenta-la DART son:

- As empresas xurídicas e demais entidades, incluídas as comunidades de propietarios, as comunidades de bens, as sociedades civís de persoas e outras entidades en réxime de atribución de rendas.
- Os empresarios individuais e os profesionais cando satisfagan ou abonen rendas no exercicio das súas actividades.
- As persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes no territorio español, que operen nel mediante establecemento permanente.

- Os suxeitos pasivos por obriga real que operen en España sen establecemento permanente, no que fai ós rendementos do traballo que satisfagan.

Só as persoas físicas, na súa calidade de consumidores, que pagan salarios a empregados do fogar están excluídos da obriga de reter e declarar.

Outra fonte de información utilizada son as declaracións do IRPF, por concellos, dispoñéndose das seguintes variables: número de declarantes, cota líquida media, deducción media, rendimento medio, porcentaxe do total de rendementos que proceden do traballo por conta allea, porcentaxe de rendementos empresariais, profesionais, mobiliarios e outros rendementos. Esta fonte de información ten a desvantaxe de ter un límite de exención.

Unha terceira fonte de información son os rexistros da Seguridade Social, con datos do número de empresas, o seu NIF e o número de traballadores. O dato do NIF indica, segundo a súa letra, a personalidade xurídica da empresa.

A estimación das transferencias privadas internacionais faise a partir do valor das remesas de emigrantes para o ano 1998.

RENDA BRUTA DISPOÑIBLE DO SECTOR FOGARES

O punto de partida é a seguinte estimación das principais partidas das contas de distribución primaria e secundaria da renda do sector fogares de Galicia para 1996.

Galicia			
1996 (miles de €)			
EMPREGOS		RECURSOS	
IMPOSTOS RENDA E PATRIMONIO	1.580.140	EBE / RENDA MIXTA	6.423.062
COTIZACIÓNS SOCIAIS	3.130.496	REMUNERACIÓN ASALARIADOS	11.515.295
		PRESTACIÓNS SOCIAIS	3.926.113
RENDA BRUTA DISPOÑIBLE	18.538.627	OUTROS RECURSOS NETOS	1.384.793

ESTIMACIÓN DAS PARTIDAS A NIVEL MUNICIPAL

* REMUNERACIÓN DOS ASALARIADOS

O principal recurso da conta de renda dos fogares é a remuneración dos asalariados residentes por empregadores residentes e non residentes. Esta variable recolle os soldos e salarios brutos, así como as cotizacións sociais, reais e ficticias.

Dispónse da remuneración dos asalariados estimada para 1996 (provisional) e das percepcións salariais e número de perceptores por concellos para o mesmo ano, datos proporcionados pola *Agencia Estatal de la Administración Tributaria* (AEAT). O dato das percepcións salariais pódese artellar co de soldos e salarios brutos.

A percepción total de retribucións salariais para tódolos concellos de Galicia supón o 70% da Remuneración dos Asalariados. Estímase a remuneración dos asalariados en cada concello a partir das percepcións de retribucións salariais da estatística EESP. A diferenza ata o total da Remuneración dos Asalariados repártese en función do número de perceptores de retribucións salariais.

* EXCEDENTE BRUTO DE EXPLOTACIÓN / RENDA MIXTA

O excedente bruto de explotación do sector fogares é a suma do alugamento imputado das vivendas ocupadas polos fogares que son os seus propietarios maila renda mixta que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou os membros da súa familia e que non poden distinguirse dos seus beneficios como empresario.

O EBE total da comunidade autónoma ascende a 6,4 miles de millóns de euros, é o segundo recurso dos fogares galegos e repártese por concellos, en función dos valores catastrais e dos rexistros da seguridade social dos réximes agrario por conta propia e de autónomos.

* PRESTACIÓNS SOCIAIS

As prestacións sociais comprenden tódalas transferencias correntes, en diñeiro ou en especie, proporcionadas ós fogares con intervención dun terceiro (é dicir, dunha unidade que non sexa un

fogar) que son obxecto dunha asignación persoal e que teñen como fin cubri-las cargas que para os fogares se derivan da aparición ou existencia de certos riscos ou necesidades e sen que haxa unha contrapartida equivalente e simultánea do beneficiario (SEC). Considéranse as pensións e prestacións por desemprego.

A suma das prestacións por desemprego e pensións da EESP, é máis do 90% das prestacións sociais estimadas para o conxunto de Galicia.

O valor de cada concello da EESP hai que axusta-lo para que a suma sexa o valor estimado para o conxunto de Galicia.

*** OUTROS RECURSOS NETOS**

A partida de 'Outros recursos netos' é o saldo entre as partidas de 'outros recursos' e 'outros empregos'.

Para reparti-la partida de "outros recursos" por concellos distínguese:

1. Intereses efectivos, dividendos e outras rendas, rendas da terra e activos inmateriais, indemnizacións de seguros de accidentes
2. Transferencias privadas internacionais
3. Transferencias correntes diversas

O apartado 1 repártese en función dos rendementos do capital mobiliario e inmobiliario declarados no IRPF no ano 1996.

O apartado 2 repártese en función das remesas procedentes do exterior a favor de particulares.

As transferencias correntes diversas son un conxunto moi heteroxéneo de rendas polo que non se reparten por concellos, simplemente axústase a estimación inicial dos apartados 1 e 2 para que a suma sexa o total da partida de "outros recursos" .

A partida de 'outros empregos' recolle un conxunto moi heteroxéneo de gastos dos fogares, como son os pagos de intereses, primas de seguros, transferencias entre particulares e coa administración (multas, taxas, etc) e repártese entre os concellos en función do saldo entre os recursos e os restantes empregos (impostos e cotizacións sociais).

*** IMPOSTOS CORRENTES SOBRE A RENDA E O PATRIMONIO**

Os impostos correntes sobre a renda e o patrimonio comprenden tódolos pagos obrigatorios efectuados polos fogares e recadados periodicamente polas administracións públicas e polo resto do mundo sobre a renda e o patrimonio e recolle os seguintes impostos:

- a) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
- b) Imposto sobre o Patrimonio
- c) Imposto sobre Bens Inmóbles
- d) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

A recadación do IRPF supón o 90% desta partida. A partir das declaracións deste imposto por concellos calcúlase a parte que destinan as familias a este imposto (cota líquida media*nº de declarantes). Este valor serve para reparti-lo total desta partida entre os concellos.

Non se utiliza o dato das recadacións do IBI e do IVTM ó non poder discriminar se os impostos son pagados por empresas ou por persoas físicas.

*** COTIZACIÓNS SOCIAIS**

As cotizacións sociais comprenden tódolos pagamentos que as persoas aseguradas ou os seus empregadores fan, directamente ou a través dun organismo recadador, a institucións que conceden prestacións sociais, a fin de adquirir ou mante-lo dereito a estas prestacións.

As cotizacións sociais repártense por concellos en función da remuneración dos asalariados, da renda mixta e das prestacións sociais.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- EUROSTAT. Sistema Europeo de Cuentas. SEC 1995.
- Fundación Caixa Galicia. Renda Municipal en Galicia (1982-1984-1986).
- Generalitat de Catalunya. Estimació de la renda familiar disponible a les comarques i municipis de Catalunya. 1989.
- Instituto Aragonés de Estadística. Estructura regional de la economía aragonesa. Año 1992. Renta Comarcal (E.P.).
- Institut d'Estadística de Catalunya. Generalitat de Catalunya. Macromagnituds bàsiques de les economies comarcals. 1991.
- Instituto de Estadística de la Comunidad de Madrid. Indicador de Renta Familiar Disponible Municipal. 1994.
- Instituto de Estudios Fiscales y Agencia Tributaria. Empleos, Salarios y Pensiones en las fuentes tributarias. 1995, 1996.
- Instituto de Estudios Fiscales y Agencia Tributaria. Las cuentas de las sociedades en las fuentes tributarias. 1993.
- Instituto de Estudios Fiscales y Agencia Tributaria. Las empresas españolas en las fuentes tributarias. 1995.
- Institut d'Estadística de Catalunya (1994). Macromagnituds bàsiques de les economies comarcals.

- Instituto Galego de Estatística (IGE). Obtención de indicadores municipais de pobreza a partir do Censo de Poboación e Vivendas de 1991.

- Instituto Nacional de Estadística (INE). Contabilidad Regional de España. Base 1986. Serie 1986-1996.

- Instituto Nacional de Estadística (INE). Contabilidad Regional de España. Base 1995. Cuentas de renta de los hogares. Serie 1995-1999.

- INE/EUROSTAT, 1983. Sistema Europeo de Cuentas Económicas Integradas S.E.C. 2ª edición.

- Sociedad Asturiana de Estudios Económicos e Industriales (SADEI). La renta de los municipios asturianos. 1994.

- Sanz, Begoña (1995). Las rentas del trabajo: salarios y pensiones. Discrepancia entre los datos tributarios y la contabilidad nacional de España. Papeles de Trabajo nº 21/95, Instituto de Estudios Fiscales